



Despois da publicación do **Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede modificar o punto 16. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓN DO ALUMNADO da programación didáctica do Departamento de Tecnoloxía.

Na Educación Secundaria Obligatoria realizarase unha única sesión de avaliación ao finalizar o curso. Non haberá por tanto avaliación extraordinaria. En Bacharelato mantense a avaliación extraordinaria.

Os referentes para a avaliación neste curso escolar seguen sendo os criterios de avaliación establecidos no Real Decreto 126/2014 que establece o currículo básico da etapa.

Non se modifican a finalidade nin os instrumentos de avaliación.

Cualificación:

Para avaliar o nivel adquirido nos diferentes estándares de aprendizaxe se realizarán, en cada trimestre, as actividades teóricas e prácticas oportunas que serán puntuadas de **0 a 10** puntos cada unha. A cualificación do alumno ou alumna será a media ponderada destas probas. A nota de cada avaliación pode verse incrementada pola realización de traballos específicos de carácter voluntario.

A **avaliación final ou global** obtense facendo a media entre a cualificación obtida na primeira, segunda e terceira avaliación (sen o redondeo). Para superar a materia os alumnos deben obter unha nota media igual ou superior a 5. Aquelas avaliacións con cualificación insuficiente para a obtención desta nota deberán ser recuperadas no mes de xuño.



1- ALUMNADO COAS TRES AVALIACIÓNS APROBADAS:

A cualificación final será como mínimo a nota media das tres avaliacións. Esta nota mínima de referencia pode subir grazas ao traballo desenvolvido durante o mes de xuño.

2- ALUMNADO CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS:

O traballo desenvolvido durante o mes de xuño servirá para recuperar a avaliación ou as avaliacións suspensas ata acadar unha nota máxima de 5. Unha vez recuperadas as avaliacións pendentes aplícase o descrito no apartado 1.

No caso de bacharelato, o alumnado que non acade cualificación positiva na media das tres avaliacións, terá que realizar un exame escrito na convocatoria extraordinaria de xuño e/ou entregar as tarefas que o profesor lle encomende.